



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 32 - OUTUBRO 2007

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo 1: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231 203

Lugo 2: Pazo de Feiras e Congressos de Lugo - O Palomar s/n - 27004 Tfno: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@mundo-r.com](mailto:ovica@mundo-r.com)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### FORMACIÓN: XORNADAS TÉCNICAS OVICA

OVICA e COVIGA organizan a "VIII Xornadas Técnicas de Ovino e Caprino", que se celebrarán o día **10 de novembro** de 2007 no Pazo de Fontefiz (Coles - Ourense). O programa será o seguinte:

10:00 Inauguración das Xornadas

10:30 Servizos de Asesoría de Explotacións

D. Xosé Ramón Pedreira Dono  
Xefe do Servizo de Fomento Asociativo Agrario

12:00 O Manexo Sanitario Reprodutivo

D<sup>a</sup>. Sandra de la Hera Martínez  
Veterinaria de ANCHE

14:00 Xantar

17:00 Visita guiada ó Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia

D. Carlos López Franco  
Dtor. do Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia

Ca fin de organiza-lo xantar, que terá un custe similar ó de anos anteriores, **PRÉGASE CONFIRMAR ASISTENCIA ANTES DO 7 DE NOVEMBRO** chamando a OVICA a calquera das súas oficinas.

### A RECORDAR: CURSOS EN A ESTRADA

20-21/10/07: Curso de tosquiado de ovellas

9-10/11/07: Prevención de ataques do lobo á gandería

### CUBRICIÓN DE OUTONO

Achégase a época axeitada para prepara-la cubrición das ovellas para os partos en primavera-verán. Canto máis retrasemos a data de cubrición máis retrasaremos os partos na primavera e mellor venta teremos para os anos no verán.

Recordade que a xestación das ovellas/cabras ten unha duración entre 140 e 159 días.

Como levamos anos recomendando dende OVICA, a mellor época para os partos é a partir de mediados da primavera, con esto conseguiremos:

- Baixos custos de alimentación das nais (bos pastos).
- Partos nunha época de temperaturas máis suaves.
- Venta dos anos/cabritos en épocas de maior demanda e mellor prezo.

### MANEXO Recorte de pezuñas



Recorte de pezuñas empregando un banco volteador apropiado. Unha practica zootécnica que contribúe a mellora-la saúde e benestar animal e, polo tanto, a produtividade.

### RAZAS: CHAROLLAIS



Orixe: Francia, val de Charollais. Hoxe extendida en 25 países e 4 continentes.

Características: Raza antiga e rústica adaptada ó pastoreo en climas duros en sistemas extensivos ou semi-ext. Boa aptitude maternal con elevada produción leiteira

Peso machos: 120-150 kg

Peso femias: 75-95 kg

Prolificidade media: 185 %

Producción: usada como raza mellorante para cruce industrial, moi boa aptitude cárnica, canais ben conformados, con rendementos entre 50-53 % e un bo estado de engraxamento, cunha Ganancia Media de 10 a 30 días de 344 grs.



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA – VENTA

- Véndese rabaño de 100 ovellas, 60 cabras e 270 dereitos (Samos) Contacto 670 745 503
- Vendese tractor John Deere modelo 2030 con 3133 horas de traballo e empacadora marca Balle nº 152 Contacto 982 15 11 59 / 699 893 948
- Vendese rabaño de 268 ovellas e 305 dereitos (Xinzo de Limia –Ourense) Contacto 625 053 876
- Véndese 1 macho cabrún *raza alpina* de 5 anos + 1 machos *saanen* de 1 ano. 677 807 305
- Vendese rebaño dunhas 100 cabezas e dereitos (Baltar – Ourense) Contacto 988 466 710
- Véndese rebaño de 300 cabezas e dereitos (Xinzo de Limia- Ourense) tfno. 652 619 913
- Vendese rebaño de 130 ovellas – Allariz. 687 778 511.
- Véndense 10 cabras + 1 castrón. 652 534 189.
- Véndense 18 ovellas con años e dereitos 697 985 240 – Porqueira – Ourense
- Véndese lote de ovellas (50/60). 981 44 82 38.
- Véndese rebaño 200 ovellas + 80 cabras con 220 dereitos (Lobeira - Ourense) - 988-458 662
- Véndense 80 ovellas con 80 dereitos. O Páramo (Lugo) tfno contacto 982 54 34 54.

COVIGA COVIGA

## FEIRAS

### Feira San Froilán – Expolugo 2007 Mercado Gandeiro e Alimentario

OVICA participou na II Feira Expolugo 2007 celebrada do 4 ó 7 de outubro no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, organizada pola Fundación Feiras e Exposicións de Lugo xunto coa Consellería de Innovación e Industria e a Consellería do Medio Rural.

OVICA participou con un stand no que se promocionou como asociación, ademais dos produtos que comercializa a cooperativa COVIGA e cunha exposición de diferentes razas de ovino e caprino



Ademais OVICA organizou o sábado día 6 dúas demostracións de manexo de gando ovino con cans pastores a cargo de Alejandro Ibarra Artús.

O domingo día 7, Alejandro impartiu un curso de manexo de rebaños con cans en A Estrada, ó que asistiron un gran número de interesados.



Tamén se celebrou, no marco das actividades organizadas dentro da Feira, o **I Congreso de Veterinarios ADSG de Galicia**, ó que asistiron e participaron os veterinarios da ADSG ACIVO e OVICA

## PREMIOS: Premio ARESA

OVICA presentou a súa candidatura para optar ó **“VIII Premio Aresa de Desenvolvemento Rural”** convocado conxuntamente pola USC e ARESA, para incentivar a investigación e o desenvolvemento, e recoñecer aquelas traxectorias innovadoras, nos ámbitos agrícola e/ou gandeiro como elementos fundamentais para mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas que traballan no medio rural

## DEREITOS DE PAGO UNICO

### Solicitudes e transferencias

Poderanse solicitar da Reserva Nacional dereitos de PU e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandería, así como a indemnización compensatoria, xunto coa solicitude de axudas da PAC entre o 1 de febreiro e o 30 de abril de 2008, inclusive.

A partir de novembro e ata mediados de marzo poderanse realizar as transferencias de Dereitos de Pago Único

## SUBVENCIONES: AXE

OVICA porá en marcha en breve a Agrupación de Xestión de Explotacións e solicitará as axudas publicadas ó abeiro da Orde do 21 de setembro de 2007, financiadas pola Consellería do Medio Rural e o Feoga, para a mellora da eficiencia da xestión técnico económica das explotacións agrarias.

**¡¡ Infórmate en OVICA e animate a formar parte da AXE, é importante para o futuro da túa explotación e para OVICA!!**

Orden APA/2961/2007, do 8 de outubro, pola que se convocan, para o 2007, subvencións a titulares de explotacións agrarias, que faciliten datos estadísticos e contables.